

Recomendación dirixida ao Concello de Tui debido aos ruídos derivados dunha actividade

Expediente: C.6.Q/13952/17 e
14375/17

Relacionado co C.6.Q/13522/16

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia dun escrito presentado por ██████████ referente aos ruídos derivados dunha actividade mercantil nun edificio residencial.

ANTECEDENTES

1. ██████████ no seu escrito de queixa comunica que, por mor da queixa formulada ante a inactividade do Concello de Tui polo desenvolvemento dunha actividade molesta sen licenza municipal no local sito no baixo do de Tui, acordouse a suspensión da actividade no local por resolución da alcaldía do 6 de outubro de 2016,.

A referida resolución foi totalmente ineficaz, posto que a actividade continuou desenvolvéndose ás mesmas horas e se cabe con maior impacto de ruído e a actividade molesta se segue desenvolvendo na actualidade, a pesar de carecer de licenza urbanística que a ampare.

Admitida a queixa, requiríuselle información a ese Concello.

Debe facerse constar que a remisión da documentación realizouse cun atraso considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución (requirimentos remitidos con datas do 15 de febreiro, 5 de abril, 8 de maio, 7 de xuño, 9 de outubro, 24 de novembro e 28 de decembro) e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución.

2. Con data do 7 de febreiro de 2018, ten entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 7 de febreiro de 2018, a seguinte documentación remitida polo Concello de Tui:

2.1. Resolución de Alcaldía de data 6 de outubro de 2016 de suspensión de actividade do Local sito na rúa Calzada ..., destinado a actividades desenvoltas pola Asociación Espinicelo.

2.2. Copia da notificación da citada resolución os interesados.

2.3. Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal en data 31.10.2017

2.4. Informe xurídico emitido pola Técnica de administración xeral do departamento de urbanismo en data 04.12.2017.

2.5. Expte. 2566/2017 (Comunicación previa de Actividad (R.E n210953.16), promovido por Asoc. Cultural e Deportiva Espenicelo ; representada por M-4 B [REDACTED]; relativa a Memoria de Local para el uso de ocio y esparcimiento, ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA ESPENICELO, G94094513, [REDACTED], COMUNICACION PREVIA DE ACTIVIDADE, Acompañada de Memoria de Actividad, relativa a : "Memoria de Local para el uso de ocio y esparcimiento"- Asociación Cultural y deportiva "Espenicelo", readactado polo Ingeniero Industrial...).

2.6. Informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal en data 27.12.2017.

2.7. Informe xurídico emitido pola Técnica de administración xeral do departamento de urbanismo en data 02.02.2018.

3. Da documentación remitida polo Concello, resulta o seguinte:

3.1. No informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal de data 31.10.2017, faise constar que no expediente figura denuncia (RXE /10201/2015 de 4/11/2015), de ruídos que provocan graves molestias en piso de propiedade do denunciante (piso 1º da rúa da calzada nº 15 da cidade de Tui, provenientes do baixo do edificio no que a Asociación Espenicelo desenvolve distintas actividades como clases e ensaios de gaitas, e pandeiretas, bailes de salón e clases de batuka, carecendo de elementos de insonorización, polo que solicita o acceso ao expediente de licenza de actividade e funcionamento do citado local, adopción de medidas correctoras, expedientes sancionadores e modificacións da licenza que fosen tramitadas ante o Concello.

Figura así mesmo, a seguinte documentación:

- Informe da Policía Local do 15/2/2016, no que se constata que hai evidencias de que se está levando a cabo, ou se levaron a cabo actividades de carácter molesto no referido local.
- Comunicación asinada pola Concellería de urbanismo que figura no expediente, na que se informa que, examinados os arquivos das dependencias municipais, non se localiza ningún expediente de licenza do dito baixo.
- Certificación da Secretaría do Concello, de resolución da alcaldía do 6/10/2016, pola que se ordena a suspensión inmediata da actividade que esta a desenvolver a Asociación no referido baixo, por tratarse dunha actividade molesta carecendo de licenza municipal.
- Informe da Policía Local de 19/10/2016 no que se constata que tras o aviso dun veciño alertando que no citado local reúnense persoas para tocar a gaita causando molestias, e tras personarse a Policía Local e comproba a veracidade dos feitos, non sendo posible identificar a ninguén por que non lle abren a porta.
- Escrito da Asociación Espenicelo de San Bartolomeu na que expoñen que o local da rúa da Calzada foi cedido desinteresadamente polos propietarios para o desenvolvemento de actividades sen ánimo de lucro e que as actividades que desenvolven son batuka, bailes de salón e banda de gaitas e que esas actividades se están a realizar sen licenza.

O informe técnico conclúe, no que aquí nos interesa, que non se levou a efecto a Resolución de Alcaldía de data 6 de outubro de 2016 de suspensión de actividade do Local sito na rúa ... no que se desenvolven actividades molestas, sen o título urbanístico municipal correspondente.

- 3.2. O Informe xurídico emitido pola Técnica de administración xeral do departamento de urbanismo en data 04.12.2017 constata que o informe emitido polo Arquitecto Municipal, non contén consideración nin análise técnico-urbanístico algún, polo que procede sexa emitido dito informe técnico no que se conclúa o axuste ou non á clasificación e cualificación urbanística correspondente, tras que se realizará o correspondente informe técnico.
- 3.3. No Informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal en data 27.12.2017. sobre a comunicación previa presentada por ██████████ ██████████, en representación Asociación Espenicelo de San Bartolomeu, constátase o seguinte:

- Respecto do cumprimento da normativa urbanística, a documentación achegada non xustifica as condicións de uso.
- Respecto do cumprimento doutra normativa obrigatoria, non se xustifica o cumprimento do Decreto 35/2000, do Real Decreto 2816/1982, do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, de contaminación acústica de Galicia. Por outra banda, non se xustifica o cumprimento do Código técnico da edificación (CTE).

O informe conclúe que a documentación técnica que se xunta coa comunicación previa non xustifica o planeamento vixente e demais normativa de obrigado cumprimento, do que da traslado á Concellería de urbanismo e á Técnica de Administración Xeral.

- 3.4. O informe da Técnico de Administración Xeral do departamento de urbanismo do 2/2/2018, considera que debe procederse polo Órgano municipal competente, a dar trámite de audiencia á Asociación promotiva da comunicación previa para o exercicio da actividade no local da rúa ..., declarando a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade que se está realizando, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer, dado que de conformidade co disposto nos artigos 17 e seguintes do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, dáse unha causa de ineficacia da comunicación previas ao existir incumprimento dos requisitos legais aos que está sometida a actividade.

Na documentación remitida polo concello, non se fai pronunciamento algún ante o incumprimento da resolución sobre o cese da actividade causante da queixa, nin sobre as medidas adoptadas ou previstas.

ANÁLISE

O dereito ao medio ambiente, como principio reitor da política social e económica, desenvólvese mediante a lexislación ambiental que prevé os correspondentes mecanismos de control e intervención pública que preveñan, eviten e corrixan os danos ao medio ambiente e á saúde humana que, no seu caso, orixina a actividade humana.

A transgresión deste dereito, neste caso inmicións de contaminación acústica, provenientes de actividades lúdicas ou recreativas, alcanzan o interior das vivendas, provocando molestias que inciden na calidade de vida dos seus moradores e que

poden chegar a implicar unha intromisión contraria ao dereito constitucional á inviolabilidade do domicilio e á intimidade persoal e familiar dos cidadáns que as soportan, dereitos recollidos no artigo 18 da Constitución Española,

Neste senso, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos na súa xurisprudencia, considera que os poderes públicos deben adoptar medidas razoables e adecuadas ante o incumprimento da normativa en materia de ruídos, ao afectar ao benestar e aos dereitos dos cidadáns e privarlles do seu dereito a gozar no seu domicilio da súa vida privada e familiar.

A xurisprudencia do Tribunal Constitucional delimitou cales son os dereitos constitucionais afectados polo factor de perturbación do desenvolvemento da vida das persoas que, con carácter principal, motiva a queixa, isto é, polo ruído ou contaminación acústica ou polas vibracións indebidas: o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado (art. 45 CE), o dereito á protección da saúde (artigo 43 CE), o dereito á integridade física e moral (art. 15 CE), o dereito á intimidade (art. 18.1 CE) e o dereito á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2 CE).

Toda actividade contaminante, como é a que nos ocupa, debe estar suxeitas a un control administrativo e a unha posterior vixilancia que corresponden aos poderes públicos.

Por tanto existe unha vulneración do dereito á vida privada e familiar e ao goce do domicilio, cando este acreditada a existencia dun dano ambiental, grave e continuado, e as autoridades públicas non tomen as medidas razoables e necesarias para asegurar efectivamente a protección das persoas expostas para os efectos nocivos para o benestar e para a súa saúde.

Esa obrigación de intervención pública é imprescindible para unha correcta protección da vida privada e familiar.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 18.g), non só contempla a protección contra a contaminación acústica como competencia propia dos entes locais, senón que tamén contempla o dereito dos veciños a esixir o exercicio desa competencia, polo que é obrigada a intervención municipal ante os problemas veciñais xurdidos por contaminación acústica.

A Directiva 2006/123/CE de Servizos supuxo a substitución do sistema de licenza de actividade polo de declaración responsable ou comunicación previa, o que pode supor

que a actividade se inicie sen que necesariamente a Administración tivera comprobado o cumprimento da normativa ambiental. Porén, a simplificación de trámites para a implantación de servizos e actividades, non pode supor que os cidadáns queden indefensos pola inactividade da Administración competente, fronte ao ruído xerado por unha actividade que non ten obriga de soportar e para o que unicamente se esixe unha declaración responsable e/ou unha comunicación previa, acompañados de diversa documentación técnica.

O ruído proveniente de actividades lúdicas require unha intervención administrativa no control do seu funcionamento a fin de que se garantan os dereitos dos cidadáns que poidan estar afectados e sen que sexa necesaria a denuncia dun particular para exercitar as facultades de control e disciplina ambiental que lle corresponden á Administración local.

No caso de que as denuncias se presenten, é necesario realizar as actuacións precisas para a comprobación dos feitos denunciados e de ser o caso, dar cumprimento á normativa en materia de ruídos co fin de que se respecten os dereitos dos cidadáns residentes próximos ao lugar dos feitos, cuxa calidade de vida pode atoparse seriamente afectada o foco emisor da contaminación acústica.

Todas as administracións públicas están obrigadas, no ámbito das súas respectivas competencias, a protexer os dereitos constitucionais dos cidadáns (art. 53.1 CE) e, por tanto, neste punto concreto dos ruídos que invaden os domicilios dos cidadáns, as administracións han de actuar dun modo eficaz para conseguir o seu recondución aos límites fixados polo ordenamento xurídico.

No caso dos municipios, por ser o primeiro nivel de actuación, así resulta das atribucións competenciais outorgadas pola Lei Reguladora de Bases do Réxime Local. Os municipios gozan para a protección dos dereitos dos cidadáns de diversas potestades, entre as que se atopan as de inspección e sanción, debendo adoptar as medidas correctoras necesarias, con ou sen vinculación a un expediente sancionador e sen prexuízo do seu papel mediador nos casos nos que concorran diversos intereses de veciños, en aras da boa convivencia.

A intervención administrativa debe seguir o principio de legalidade, en canto que todas as actividades susceptibles de provocar molestias por ruído deben cumprir coas esixencias que establece o ordenamento xurídico, e no que a Administración non pode descoñecer a súa obriga de intervención e control, por tratarse de actividades con

incidencia no medio ambiente e a saúde das persoas. A non actuación administrativa ou a súa actuación tardía sen resolver o problema, poden provocar que este se enquistase e agrave sendo cada vez de mais difícil solución.

Por último, xunto coas esixencias legais mencionadas, a administración debe promover a súa intervención para previr os conflitos que poidan derivar do funcionamento destas actividades mediante medidas de conciliación e mediación axeitadas. Os mecanismos para previr ou resolver os conflitos deben favorecer a información e a participación das persoas interesadas ou afectadas por estas actividades, non esquecendo que a responsabilidade de adecuar e adaptar o local ás esixencias que require a normativa para o desenvolvemento das actividades recreativas, corresponde á persoa titular ou titulares da actividade.

En base á documentación obrante no expediente de queixa aportada polo interesado e polo Concello, constatase que se sigue realizando actividades lúdicas no baixo da rúa ..., que leva a cabo a Asociación Espenicelo, que carece da correspondente autorización, sobre a que existe unha Resolución da Alcaldía de Tui do 6 de outubro de 2016 de suspensión de actividade, e que provocan graves molestias no piso propiedade do denunciante (...).

CONCLUSIÓNS

Por todo ou sinalado agora considérase necesario, en aplicación do disposto non artigo 32.1 dá Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Tui a seguinte recomendación:

1. Debe garantirse de maneira eficaz e efectiva o dereito do denunciante a un domicilio sen intromisións de ruído. O ordenamento xurídico xa recolle o dereito a gozar da vivenda que constituía un domicilio libre de ruído sen inmisións acústicas contaminantes que superen os límites máximos recolleitos na normativa
2. As administracións públicas teñen a obrigaón de actuar fronte a calquera alteración da paz familiar e da contorna en que se desenvolve a vida íntima ou privada que constitúan manifestacións de intromisión ilexítima (non consentidas), polo que o Concello debe realizar as actuacións precisas para dar cumprimento á normativa en materia de ruídos co fin de que se respecten os dereitos dos cidadáns residentes próximos ao lugar dos feitos, cuxa calidade de vida pode atoparse seriamente afectada o foco emisor da contaminación acústica.



Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente,

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo